



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MUGARDOS

*Anuncio de apertura da fase de información pública da modificación do Regulamento dos comedores escolares municipais*

##### ANUNCIO

Aprobado inicialmente a modificación parcial do Regulamento dos comedores escolares dos CEIP Unión Mugardeza e Santiago Apóstolo, en sesión ordinaria realizada o 31 de agosto de 2022, en cumprimento do disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, ábrese un prazo de información pública durante trinta días hábiles durante o cal ás persoas interesadas poderán presentar as reclamacións e suxerencias que estimen por oportunas.

O cómputo do prazo inciarase a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de a Coruña do presente anuncio.

Simultaneamente publicarase no taboleiro de anuncios do Concello dispoñible no portal de internet <https://mugardos.gal/es/>, e na sección de Transparencia, Normativa (normativa en tramitación, <https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency/d77c0a0a-0f27-49e1-9060-82c76ea5b882/>)

O expediente está a disposición da veciñanza en formato papel no servizo de Secretaría de 09.00 a 14.00 horas, e o contido dos informes técnicos, resultado da fase previa de audiencia e participación públicas e o texto completo do Regulamento, estarán dispoñibles igualmente na indicado portal de internet, sección e apartado.

No caso de que durante o indicado prazo non se presente observación ou reclamación ningunha, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, levándose a cabo a publicación do acordo e texto íntegro da Ordenanza no BOP de Pontevedra, sen que entre en vigor ata o transcurso do prazo dos quince días hábiles ao que se refire o artigo 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

O texto da ordenanza quedará a permanente disposición do público no enderezo electrónico, sección Transparencia, apartado Normativa en vigor (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency>).

Asinado dixitalmente polo alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba o día 6 de setembro de 2022.

2022/5548